

Partir da tradición

Montse Pena Presas



A actualización e a modificación –cando non a transgresión– de contos populares é unha fórmula para a creación de álbums ilustrados que vén sendo empregada con asiduidade nos últimos tempos e que é tamén resultado do uso referencial e lúdico que se lle comezou a dar á tradición na década dos setenta. Con ese recurso cáese no perigo de xerar unha obra literaria de menor intensidade que a historia orixinal, aínda que se se utilizan con habilidade as claves do conto de orixe, o novo texto pode resultar revelador e divertido, alén de máis doado de ler (e mesmo “aditivo) para un público que coñece xa as claves fundamentais da historia e que habitualmente pide “máis”.

Mostra do óptimo resultado que pode dar a actualización dun conto popular é *Paco Trolas* (OQO Editora), con texto de Roberto Aliaga e ilustracións

de Simona Mulazzani. Desta volta, a historia da que se parte é a de “Pedro e o lobo”, relato do acervo popular que o autor revisita con moita liberdade para animalizar ao protagonista, converténdoo nun rato algo lacazán.

Paco dedícase a arrepiar aos demais animais, amenazándoos coa presenza doutros que os poden papar, coa intención de librarse das súas obrigas escolares. A narración de Aliaga está, como é habitual nel, perfectamente dosificada: bo coñecedor dos contos populares, a súa prosa fundaméntase na concisión e nesa repetición tan característica da oralidade. Amais do refrán que dá continuidade ao relato, úsase ese recurso para evidenciar a posíbel presenza do inimigo,

facendo unha descrición tan esaxerada como efectiva do mesmo e creando unha tensión que tamén pula polo resto da historia. Mais o escritor ocúpase, igualmente, de que o prelectorado e o neoelectorado aos que se dirixe este álbum poñan en dúbida ao protagonista, cunha interrogación directa e un chisco desconcertante que nos arrastra até o final: “E, se Paco o di, será verdade... non si?” A mesma que afonda na fronteira entre realidade e maxín, unha fronteira que explotan moi ben as fermosas ilustracións de Mulazzani. Estas posúen diferentes niveis de profundidade, conseguidos a través do emprego de técnicas dispaes, distribuídas en diversas capas, que xogan estratexicamente coa estaticidade e o movemento, co colorismo e o branco e negro. Habitualmente, o emprego das sombras e das imaxes



PACO TROLAS

ROBERTO ALIAGA

Ilustracións de Simona Mulazzani

OQO, 2009

36 páxinas

estáticas van asociadas aos elementos que forman parte da imaxinación do protagonista, mentres que a acción e os contrastes coa cor simbolizan esa realidade, da que ás veces, Paco tenta escapar. Unha ferramenta máis que axuda aos máis novos e novas a comprender a qué está xogando o pícaro rato Trolas. ●